



COMUNICADO

Comunicado do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia (COLEF GALICIA) en relación ao comunicado do Colexio de Fisioterapeutas de Galicia (COFIGA) sobre as competencias en exercicio físico e a saúde.

Ante o comunicado do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia na súa páxina de Facebook do día 30 de outubro relativo ao Informe da *Subdirección General de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social*, no que se atribúe ás/aos Educadoras/es Físico-Deportivas/os a capacidade de dirixir, supervisar e avaliar a práctica de exercicio físico para persoas con problemas de saúde, o COLEF Galicia quere manifestar o seguinte:

1. O informe non fai mención ao exercicio terapéutico, pero se entendemos como exercicio terapéutico aquel que provoca unha mellora na saúde, o informe claramente afirma que as/os Educadoras/es Físico-Deportivas/os poden dirixir e supervisar o exercicio físico para persoas con problemas de saúde.

“Los Educadores/as Físico Deportivos/as pueden dirigir, supervisar y evaluar la práctica de ejercicio físico, adaptado a las características, necesidades y preferencias de estas personas [de cualquier edad que tengan algún problema de salud, aquellas con diversidad funcional o con capacidades diferentes], contribuyendo a la adherencia a las prescripciones de los profesionales sanitarios y al mantenimiento de la práctica de la actividad física regular”.

2. O informe non fai mención a que as/os Fisioterapeutas deban pautar ou aplicar exercicio físico para persoas con problemas de saúde. O que di o informe é que nos casos nos que haxa comorbilidade ou pluripatoloxía debe haber unha valoración previa por parte de profesionais sanitarios que descarte contraindicacións para a práctica de exercicio físico.

"En los casos que lo precisen, por ejemplo por existencia de comorbilidad o pluripatología, resulta especialmente importante la realización de valoración previa, que descarte contraindicaciones, y la indicación, por parte del profesional o distintos profesionales sanitarios responsables del plan integral de intervención terapéutica de cada persona".

3. O informe enmarca todas as súas disposicións na *Resolución de 18 de septiembre de 2018 de la Secretaría General de Universidades* (BOE 228, de jueves 20 de septiembre de 2018), na que se establecen as recomendacións para as memorias de verificación do título oficial de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte . Nesa Resolución establécense entre as Áreas de Competencias dos estudos de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte as seguintes, nas que queda manifesto que a competencia da mellora da saúde mediante o exercicio físico é propia das/dos Educadoras/es Físico-Deportivas/os:

- *Prevención, adaptación y mejora del rendimiento físico-deportivo y de la salud mediante la condición física y el ejercicio físico (AC_2)*
- *Promoción de hábitos saludables y autónomos mediante actividad física y deporte (AC_3).*

4. Nos Resultados de Aprendizaxe que desenvolven esas Áreas de Competencia queda aínda máis patente a atribución da mellora da saúde mediante o exercicio físico ás/aos Educadoras/es Físico-Deportivas/os, así como a práctica de exercicio físico para persoas con patoloxías e problemas de saúde. Asemade, establécese tamén que as patoloxías e os problemas de saúde deben ser diagnosticados por un Médico e a prescrición de exercicio físico para esas persoas debe ser tamén realizada por un Médico.

2.1 Saber orientar, diseñar, aplicar y evaluar técnico-científicamente ejercicio físico y condición física en un nivel avanzado, basado en la evidencia científica, en diferentes ámbitos, contextos y tipos de actividades para toda la población y con énfasis en las poblaciones de carácter especial como son: personas mayores (tercera edad), escolares, personas con discapacidad y personas con

patoloxías, problemas de saúde ou asimilados (diagnosticadas y/o prescritas por un médico), atendendo al género y a la diversidade.

2.5 Saber readaptar, reentrenar y/o reeducar a persoas, grupos ou equipos con lesións y patoloxías (diagnosticadas y/o prescritas por un médico), compitan o no, mediante actividades físico-deportivas y exercicios físicos adecuados a sus características y necesidades.

3.2 Saber promover, asesorar, diseñar, aplicar y evaluar técnico-científicamente programas de actividad física, exercicio físico y deporte apropiados y variados, adaptados a las necesidades, demandas y características individuais y grupales de toda la población, y con énfasis en persoas maiores (tercera idade), el género femenino y la diversidade, escolares, persoas con discapacidade y persoas con patoloxías, problemas de saúde ou asimilados (diagnosticadas y/o prescritas por un médico).

5. En ningunha parte do Informe da *Subdirección General de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social* nin da Resolución de 18 de setembro de 2018 da *Secretaría General de Universidades* se atribúe ás/aos Fisioterapeutas a competencia de prescribir, supervisar ou aplicar exercicio físico co obxectivo de mellorar a saúde ou para persoas con patoloxías ou problemas de saúde. As competencias de supervisar, dirixir e aplicar exercicio físico co obxectivo de mellorar a saúde ou para persoas con patoloxías ou problemas de saúde son atribuídas neses documentos ás/aos Educadoras/es Físico-Deportivas/os e as competencias de diagnosticar patoloxías e problemas de saúde e de prescribir exercicio físico adecuado a esas patoloxías e problemas de saúde son atribuídas neses documentos aos Médicos.

6. Non entendemos nin compartimos a intención do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia de terxiversar o informe da *Subdirección General de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social*, intentando facer crer á sociedade que as persoas con patoloxías e problemas de saúde deben realizar exercicio físico baixo a supervisión dunha/dun Fisioterapeuta.

Esperamos que os dirixentes de COFIGA recapaciten e entendan que o traballo conxunto con outros profesionais é enriquecedor, ademais de ser unha obriga moral para ofrecer á sociedade o mellor servizo profesional.

En Santiago, a 7 de novembro de 2019